

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

CÉDULA do 23 de abril de 2024 pola que se anuncia a incoación de expediente para a venda directa de embarcación de nome BI ARRI incautada por este organismo.

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e en aplicación do Acordo emitido pola Presidencia o 22 de abril de 2024, anúnciase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web <https://portosdegalicia.gal>, sección Comunicacions e Avisos, epígrafe alleamento de embarcacións, o inicio de expediente para a venda directa da embarcación BI ARRI con matrícula 7ª-BA-390-95 incautada por Portos de Galicia e varada na actualidade no porto de Foz (Lugo).

O Acordo de incoación, as bases aplicables cos seus anexos informando sobre a forma de presentación de ofertas e a taxación da embarcación, poderán ser consultadas e descargadas a través da paxina web <https://portosdegalicia.gal>, sección Comunicacions e Avisos, epígrafe alleamento de embarcacións.

O prazo máximo para presentar proposicións de compra será de 20 días naturais contados desde a publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

José Antonio Álvarez Vidal
Presidente de Portos de Galicia

